

BASES PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, A XORNADA COMPLETA, POLO SISTEMA DE CONCURSO, DUN/HA TÉCNICO/A EN TURISMO

PRIMEIRA.- OBXECTO.

O obxecto das presentes bases é proceder á contratación laboral, con carácter temporal, dun técnico/a en turismo, para atender ao programa de financiamento do gasto de persoal das oficinas de turismo durante o exercicio 2016, aprobado por resolución da Presidencia da Deputación Provincial da Coruña de 4 de agosto de 2016, BOP núm.149, de 8 de agosto de 2016.

As funcións a realizar por dito técnico/a serán as de:

- información turística na Oficina Municipal
- recopilación de información para elaboración de folletos turísticos
- recopilación de información para ampliación dos contidos da páxina web do concello

Esta contratación realizarase na modalidade de “contrato por obra e servizo determinado”, ao abeiro da normativa contida no artigo 15 do Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, así como no Real Decreto 2720/1998, de 18 decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada.

SEGUNDA.- RÉXIME XURÍDICO.

Ao aspirante que resulte nomeado seranlle de aplicación as previsións que establece a Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público e a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (no que lle resulten aplicables); así como o Convenio Colectivo de traballo do persoal laboral ao servizo do Concello de Arzúa (BOP núm.228 do 27 de novembro de 2014).

O proceso selectivo regularase polo previsto nas presentes bases e no non previsto nelas, ou en aquilo que as contradiga, será de aplicación o establecido nas seguintes disposicións, así como no resto de disposicións que resulten aplicables:

- Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público;
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local;
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local;
- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local;
- Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia;
- Lei 7/2004, de 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes;
- Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da administración xeral do Estado;

- Real Decreto 365/1995, de 10 de marzo, por el que se aprueba el Reglamento de situaciones administrativas de los funcionarios civiles de la Administración General del Estado.

TERCEIRA.- DURACIÓN.

O período de contratación terá unha duración de 4 meses, rematando en todo caso o 31 de decembro de 2016.

CUARTA.- XORNADA DE TRABAJO.

A xornada ordinaria de traballo será de trinta e sete horas e media (37,5) semanais.

QUINTA.- RETRIBUCIÓN SALARIAIS MENSUAIS ÍNTEGRAS.

1.446,67 euros mensuais, distribuídos nos seguintes conceptos salariais:

- Salario Base: 1.240,00 euros.
- Prorrateo de pagas extraordinarias: 206,67 €.

QUINTA.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES.

Para participar nas probas selectivas, os/as aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se indican, referidos todos e cada un deles á data de remate do prazo de presentación de solicitudes, e deberán manterse durante todo o proceso selectivo:

- A) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do EBEP.
- B) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non ter alcanzado a idade de xubilación forzosa.
- C) Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas propias do posto.
- D) Estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións:
 - Técnico superior en Guía, Información e Asistencia Turística
 - Técnico en Empresas e Actividades Turísticas
 - Grao o diplomado en Turismo o equivalente homologado
 - Grao ou licenciatura en Historia do Arte
 - Grao ou licenciatura en Humanidades
- E) Non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha administración pública, nin atoparse inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.
- F) Non estar incurso en causas de incompatibilidade do persoal ao servizo das administracións públicas conforme á normativa vixente.

SEXTA.- PUBLICIDADE

O anuncio desta convocatoria publicarase no Boletín Oficial do Estado e no Diario Oficial de Galicia. As bases de selección publicaranse no Boletín Oficial da Provincia. Asemade, publicarase un anuncio da convocatoria no periódico "El Correo Gallego" e no Taboleiro de Anuncios do Concello.

O resto de anuncios relativos a este procedemento selectivo difundiranse mediante a súa publicación no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello.

SÉTIMA.- PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

No prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no DOGA, os aspirantes deberán presentar a súa solicitude, segundo o modelo do ANEXO I destas bases, no Rexistro Xeral do Concello ou por calquera das formas previstas no arti-

go 38.4 da lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (neste caso, os aspirantes deberán comunicálo mediante telegrama ou telefax durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias) xunto cos orixinais ou copias compulsadas da seguinte documentación:

- documento nacional de identidade ou equivalente.
- titulación esixida segundo o disposto na base quinta, apartado D); que se acreditará co orixinal ou fotocopia compulsada do título, ou no seu defecto, xustificante de ter efectuado o depósito para a súa obtención acompañado da certificación oficial de ter superados os estudos conducentes para a súa expedición.
- curriculum vitae do/a aspirante.
- xustificantes acreditativos dos méritos alegados, no seu caso.
- celga 4 ou equivalente, no seu caso.

Rematado o prazo de presentación de instancias, dictarase resolución declarando aprobada a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión. Esta resolución publicarase no Taboleiro de Anuncios do Concello de Arzúa.

A resolución pola que se aproba lista provisoria de admitidos/as e excluídos/as será definitiva no caso de non haber excluídos/as.

No caso de habelos, os/as aspirantes excluídos/as, dispoñen dun prazo de cinco (5) días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación da devandita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos, nos termos do art. 71 da Lei 30/92.

Posteriormente elaborarase unha nova lista cos/as candidatos/as definitivamente admitidos/as e excluídos/as, segundo o resultado das subsanacións a que se refire o parágrafo anterior, que será igualmente exposta no Taboleiro de Anuncios.

Nesta resolución indicarse tamén cal será a data, lugar e hora na que se haberá de levar a cabo a valoración dos méritos á que se refire o apartado a) da base novena; así como a composición do tribunal de selección.

OITAVA.- TRIBUNAL DE SELECCIÓN.

O tribunal estará composto por un presidente, tres vocais e un secretario, que serán designados por Resolución da Alcaldía. Asemade, o tribunal quedará integrado ademais polos respectivos suplentes que serán designados xunto cos titulares.

A composición do tribunal axustarase os principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tenderase á paridade entre homes e mulleres.

O membros do tribunal deberán posuír titulación igual ou superior á esixida aos aspirantes como requisito para participar na convocatoria, e non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos mesmos, debendo estar presentes o/a Presidente/a e o Secretario/a en todo caso.

O tribunal poderá propoñer a incorporación aos seus traballos de asesoras/es especialistas para as valoracións que estime pertinentes. Estes asesores/as deberán limitarse a colaborar nas súas especialidades técnicas e terán voz, pero non voto.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando neles concorran circunstancias das previstas no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. Os/as aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando se deran calquera das citadas circunstancias.

NOVENA.- PROCEDUREMTO DE SELECCIÓN.

A selección realizarase tendo en conta o necesario cumprimento dos principios constitucionais de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O procedemento de selección será o de **CONCURSO**, e desenvolverase en tres fases: a) a fase de **valoración de méritos**, que non terá carácter eliminatorio, b) a fase de **entrevista**, e c) a fase de **acreditación do coñecemento do galego**.

a) Unha vez reunido o tribunal de selección procederase á valoración dos méritos de acordo co seguinte baremo:

a.1) Por posuír algunha outra titulación das recollidas na Base quinta, apartado D) desta convocatoria, ademais da utilizada como requisito de acceso: **1 PUNTO** por cada unha das titulacións **ata un máximo de 4 PUNTOS**.

A acreditación deste mérito realizarase aportando orixinal ou copia compulsada do correspondente título, ou no seu defecto, xustificante de ter efectuado o depósito para a súa obtención acompañado da certificación oficial de ter superados os estudos conducentes para a súa expedición.

a.2) Por tempo de servizo traballado en calquera Administración Pública na mesma categoría e especialidade que a solicitada, computado ata o último día en que remate o prazo de presentación de solicitudes: **0,20** puntos por cada mes completo de servizos, ou por fracción superior a 20 días, **ata un máximo de 6 PUNTOS**.

A acreditación deste mérito deberá efectuarse mediante a certificación expedida pola entidade na que se prestaron os servizos indicando a duración total (ou os períodos de duración) dos servizos prestados, ou mediante a presentación dos correspondentes contratos de traballo xunto co informe de vida laboral.

b) A entrevista terá lugar no Salón de Comisións da Casa do Concello, unha vez rematada a valoración de méritos, e versará sobre o curriculum e/ou os coñecementos do/a aspirante, co obxecto de comprobar a súa adecuación para o posto de traballo de que se trata.

A puntuación máxima no apartado de entrevista será de **2,5 PUNTOS**.

Para a realización da fase de entrevista, seguirase o mesmo orde que o de presentación de instancias no Rexistro Xeral do Concello por parte dos/as aspirantes interesados/as nesta contratación.

As cualificacións da fase da entrevista efectuaranse sumando as puntuacións outorgadas por cada membro da tribunal de selección con dereito a voto, de 0 a 2,5 puntos, e dividindo o total entre o número de membros da Comisión con dereito a voto.

c) Acriditación do coñecemento do galego.

A acreditación do coñecemento da lingua galega realizarase coa presentación (antes da

finalización do prazo de presentación de instancias) do certificado de coñecemento da lingua galega CELGA 4, ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da Orden de 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, de 30 de xullo).

Os/as aspirantes que non podan acreditar o coñecemento do galego da forma prevista no apartado anterior deberán de acreditarlo mediante a realización dunha proba de galego que terá carácter obrigatorio aínda que non eliminatorio.

Dita proba consistirá na tradución directa do castelán ao galego dun texto proposto polo Tribunal durante un tempo máximo de 30 minutos e sen axuda do diccionario.

O exercicio cualificarase cun máximo de **2,5 PUNTOS**. Aos aspirantes que posúan o CELGA 4 (ou superiores) atribuiráselles a máxima puntuación nesta proba (2,5 puntos).

A puntuación final virá determinada pola suma da puntuación obtida nas tres fases: valoración de méritos, entrevista e proba de galego. Aos efectos da súa notificación colectiva publicarase un Anuncio no Taboleiro, indicando a puntuación obtida por cada un dos/as aspirantes en cada unha das fases, así como a suma das mesmas.

En caso de empate na puntuación final, resolverase o mesmo en favor do/a aspirante que obtivese maior puntuación na valoración de méritos, e de persistir o empate, en favor do/a aspirante que obtivese maior puntuación na entrevista.

Rematadas as probas o Tribunal aprobará a relación de aspirantes en orde de maior a menor puntuación total, propoñendo ao Sr. Alcalde para a súa contratación ao/á aspirante que encabece a relación do proceso selectivo, sen que poidan ser propostos mais aspirantes que o correspondente ao posto de traballo que se pretender contratar; e sen prexuízo de trasladar a proposta de contratación en favor do seguinte ou seguintes aspirantes pola orde de puntuación, para o suposto de que o primeiro (ou seguinte) non puideran acreditar os requisitos necesarios para ser contratados, ou renunciaren a tal contratación.

No caso de quedar deserto o proceso selectivo por non superar ningún aspirante as probas ou por non presentarse ningún a esta, o Sr. alcalde queda autorizado a convocalo novamente cantas veces fose necesario, de conformidade coas presentes bases.

DÉCIMA.- INCIDENCIAS

A Tribunal de selección queda autorizada para resolver as dúbidas que se presenten e para adoptar os acordos necesarios para o bo funcionamento do deste procedemento de selección en todo o non previsto nas presentes Bases.

DECIMOPRIMEIRA.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

Previamente á sinatura do correspondente contrato, os/as candidatos/as seleccionados/as deberán achegar ao Departamento de Secretaría, no prazo de 3 días contados dende o seguinte ao da publicación do correspondente anuncio no Taboleiro de Edictos, a seguinte documentación:

1.- Certificado médico oficial de non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co exercicio das funcións para as que resultou seleccionado/a.

2.- Declaración expresa de non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha administración pública, nin atoparse inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

3.- Declaración expresa de no estar incurso en causa de incompatibilidade do persoal ao servizo das administracións públicas conforme á normativa vixente.

DECIMOSEGUNDA.- RECURSOS.

As presentes bases como todos os actos derivados do procedemento de selección poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos na Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

ANEXO I

Modelo de solicitude

D/Dona _____ con DNI nº _____ e domicilio a efectos de notificacións en _____ con nº de teléfono _____/_____ e correo electrónico _____ declaro coñecer e aceptar as bases publicadas no Taboleiro de Edictos do Concello para participar no proceso de selección para a contratación laboral temporal, a xornada completa, mediante o sistema de concurso, dun técnico/a en turismo.

Baixo xuramento/promesa declaro cumprir todos e cada un dos requisitos imprescindibles para participar neste procedemento selectivo, comprometéndome a xustificalos se resultado/a seleccionado/a ao remate do proceso de selección.

Por todo isto SOLICITO tomar parte neste proceso de selección acompañando a presente solicitude, orixinais ou copias compulsadas da seguinte documentación:

- DNI ou tarxeta de identidade correspondente.
- Titulación esixida para participar no proceso de selección conforme ao disposto na base quinta, apartado D).
- Curriculum Vitae.

Ademais unirase, de ser o caso, copia compulsada da seguinte documentación:

- Documentación acreditativa dos méritos alegados.
- Documento que acredite estar en posesión do título de iniciación e perfeccionamento da lingua galega ou CELGA 4.

En Arzúa, a _____ de _____ de 20____

Asdo. _____

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARZÚA